



| Guía Docente          |   |                    |                      |          |
|-----------------------|---|--------------------|----------------------|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |                      | 2017/18  |
| Asignatura (*)        | Psicoloxía do desenvolvemento   | Código             | 652G03003            |          |
| Titulación            | Grao en Educación Social  |                    |                      |          |
| Descritores           |   |                    |                      |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo                 | Créditos |
| Grao                  | 1º cuatrimestre   | Primeiro           | Formación básica     | 6        |
| Idioma                | Castelán  |                    |                      |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |                      |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |                      |          |
| Departamento          | Psicoloxía  |                    |                      |          |
| Coordinación          | Ferradás Canedo , María del Mar   | Correo electrónico | mar.ferradasc@udc.es |          |
| Profesorado           | Ferradás Canedo , María del Mar   | Correo electrónico | mar.ferradasc@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |                      |          |
| Descrición xeral      | <p>A materia "Psicoloxía do desenvolvemento" pretende aportar unha formación básica no eido do plano de estudos do Grao en Educación Social. O obxectivo xeral da mesma é que o alumnado acade un coñecemento sobre as distintas etapas que constitúen o desenvolvemento ao longo do ciclo vital, así como das necesidades e demandas específicas de cada unha delas, aspectos, todos eles, esenciais para poder emprender as tarefas vencelladas á futura actividade profesional do educador social (i.e., deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos educativos dirixidos a persoas de distintas idades e condicións, desde a infancia até a vellez). Ademáis, a inclusión de contidos referidos non só ao desenvolvemento típico ou normativo, senón tamén ás dificultades ao longo do ciclo vital, é un aspecto necesario na formación do futuro educador social, na medida en que responde á posibilidade de que estes exerzan as súas funcións con persoas con diversos tipos de problemas ou discapacidades. Porén, coñecer o proceso de desenvolvemento humano nas súas distintas facetas (física, cognitiva, social e emocional) ao longo de toda a vida é un requisito imprescindible para poder realizar calquera das intervencións con persoas que un educador social pode levar a cabo.</p> |                    |                      |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.  |
| A2                                  | Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.   |
| A4                                  | Distinguir os estadios evolutivos das persoas, e interpretar as súas implicacións educativas.  |
| A5                                  | Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.   |
| A9                                  | Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.  |
| A11                                 | Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.  |
| A12                                 | Mediar en situacións de risco e conflito.  |
| A14                                 | Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.   |
| A15                                 | Elaborar e xestionar medios e recursos para a intervención socioeducativa.   |
| A17                                 | Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.   |
| B1                                  | Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.   |
| B2                                  | Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.   |
| B4                                  | Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.  |
| B5                                  | Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.   |
| B6                                  | Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.   |
| C1                                  | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.   |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |



|    |   |
|----|---|
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.             |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.  |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |          |          |
|---|-------------------------------------|----------|----------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |          |          |
| Coñecer o obxecto de estudo da disciplina, a súa definición e os seus antecedentes históricos.                                      | A1<br>A2                            |          |          |
| Comprender as distintas perspectivas teóricas nas que se basea o estudo do desenvolvemento ao longo do ciclo vital.                 | A2<br>A11                           |          | C1<br>C8 |
| Coñecer as distintas etapas que conforman o ciclo vital e os procesos de desenvolvemento ao longo do mesmo.                         | A4                                  | B2       | C1<br>C6 |
| Identificar e comprender os cambios, desaxustes e conflitos que poden xurdir desde a concepción até a morte do individuo.           | A5<br>A12<br>A14<br>A15             | B4       | C4<br>C7 |
| Valorar a importancia da contorna socio-cultural nos procesos de desenvolvemento.   | A2<br>A5<br>A9                      | B4       | C4       |
| Acadar inquietudes éticas en relación ás implicacións socioeducativas dos coñecementos adquiridos                                   | A17                                 | B5       | C4       |
| Acadar hábitos de estudo, de análise crítica e de discusión que promovan a construción activa do coñecemento por parte do alumnado. |                                     | B1<br>B6 | C6       |

| Contidos   |  |
|--|--|
| Temas  | Subtemas   |
| Introdución á Psicoloxía do desenvolvemento            | <p>Concepto de desenvolvemento</p> <p>Obxecto da Psicoloxía do desenvolvemento</p> <p>Ámbitos, etapas e contextos de desenvolvemento</p> <p>Factores determinantes do desenvolvemento</p> <p>Evolución histórica da Psicoloxía do desenvolvemento</p>  |
| Perspectivas teóricas na Psicoloxía do desenvolvemento | <p>Modelos e paradigmas na Psicoloxía do desenvolvemento</p> <p>Principais orientacións teóricas na Psicoloxía do desenvolvemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Teorías psicoanalíticas</li> <li>- Teorías da aprendizaxe</li> <li>- Teorías cognitivas</li> <li>- Teorías sociobiolóxicas</li> <li>- Teorías contextuais</li> </ul>   |
| O desenvolvemento na infancia                          | <p>Desenvolvemento físico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía</p> <p>Desenvolvemento cognitivo na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía</p> <p>Desenvolvemento lingüístico na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía</p> <p>Desenvolvemento socio-emocional na primeira infancia, na nenez temperá e na infancia media e tardía</p> |



|                                   |  |
|-----------------------------------|--|
| O desenvolvemento na adolescencia | Desenvolvemento físico: adrenaquia e gonadarquia<br>Desenvolvemento cognitivo: a etapa das operacións formais<br>Desenvolvemento socio-emocional:<br>- Autoconcepto e autoestima<br>- Relacións familiares<br>- Relacións cos iguais<br>- Relacións de parella |
| O desenvolvemento na etapa adulta | Cambios físicos na xuventude e na madurez<br>Desenvolvemento cognitivo na xuventude e na madurez: intelixencia e procesamento da información<br>Desenvolvemento socio-emocional na xuventude e na madurez: traballo, relacións sociais, matrimonio, fillos.    |
| O desenvolvemento na vellez       | Cambios físicos na vellez<br>Desenvolvemento cognitivo: a memoria das persoas maiores<br>O benestar psicolóxico na vellez  |

| Planificación                 |  |   |                         |              |
|-------------------------------|--|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados                | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Aprendizaxe colaborativa      | A1 A4 A14 A15 B1 C4<br>C6 C7             | 4                                       | 26                      | 30           |
| Lecturas                      | A1 A2 A17 B5 C4 C6                       | 2                                       | 4                       | 6            |
| Análise de fontes documentais | A1 A2 A5 A11 A14 B1<br>C6                | 2                                       | 18                      | 20           |
| Portafolios do alumno         | A1 A2 A4 A5 A9 A14<br>A15 B1 B4 B6 C4 C7 | 1                                       | 14                      | 15           |
| Proba mixta                   | A1 A2 A4 A5 A14 A17<br>C4                | 3                                       | 30                      | 33           |
| Resumo                        | B1 B2 B5 B6                              | 1                                       | 3                       | 4            |
| Actividades iniciais          | A1 A5 A14 B6 C7                          | 1                                       | 0                       | 1            |
| Solución de problemas         | A5 A9 A12 A14 B1 C6                      | 1                                       | 1                       | 2            |
| Simulación                    | A12 A14 A17 B4 B5<br>B6 C4               | 1                                       | 1                       | 2            |
| Prácticas de laboratorio      | A1 A2 A4 A5 A14                          | 1                                       | 1                       | 2            |
| Discusión dirixida            | A1 A4 A5 A12 A14 B1<br>B4 B5 B6 C1 C7    | 3                                       | 3                       | 6            |
| Glosario                      | A1 A2 A4                                 | 1                                       | 1                       | 2            |
| Sesión maxistral              | A1 A2 A4 A5 A17 C6<br>C7 C8              | 21                                      | 0                       | 21           |
| Atención personalizada        |  | 6                                       | 0                       | 6            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías             |   |
|--------------------------|---|
| Metodoloxías             | Descrición  |
| Aprendizaxe colaborativa | Ao longo do curso o alumnado traballará en diversas actividades en pequeno grupo. O obxectivo desta metodoloxía é favorecer a aprendizaxe colaborativa dos estudantes, incidindo na importancia da planificación e a coordinación conxunta. |
| Lecturas                 | O profesorado propondrá algunhas lecturas para a profundización dalgúns dos contidos da materia.  |



|                               |   |
|-------------------------------|---|
| Análise de fontes documentais | Afondarase no estudo de diversos contidos relacionados coa materia a través da análise de documentais audiovisuais e textos escritos.   |
| Portafolios do alumno         | O alumnado deberá ir elaborando un dossier coas actividades propostas ao longo do curso. Este dossier será individual e deberá entregarse para a súa avaliación ao finalizar o cuadrimestre, nunha data a concretar polo profesorado.   |
| Proba mixta                   | O exame dos contidos abordados nas sesións expositivas consistirá nunha proba mixta que incluírá preguntas tipo test e de resposta curta (preguntas a responder en poucas liñas, nunha soa palabra, de completar mediante un exemplo, de unir por flechas, etc.). As preguntas tipo test mal respostadas restan.  |
| Resumo                        | Consiste nunha síntese dos principais contidos traballados. É un recurso óptimo para facilitar a comprensión do texto e a concentración persoal sobre o material obxecto de estudo. É tamén unha axuda importante para o repaso e a preparación de exames.  |
| Actividades iniciais          | Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe co fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos do alumnado. |
| Solución de problemas         | Nalgunhas das actividades a desenvolver nas sesións interactivas, solicitarase ao alumnado que elabore ideas e estratexias para resolver diversos problemas e situacións relacionadas con algún dos contidos estudados.   |
| Simulación                    | Técnica de dinámica de grupos que ten como obxectivo axudar a desenvolver a perspectiva social e a empatía mediante a representación de diferentes papeis dentro de situacións conflitivas onde interveñen diferentes posturas que teñen que ser combinadas. Utilízase para traballar as relacións interpersoais, o comportamento, os valores e as actitudes.   |
| Prácticas de laboratorio      | Durante as sesións interactivas, desenvolverase algunha actividade de carácter experimental para analizar os procesos de cambio e maduración cognitiva dos seres humanos.   |
| Discusión dirixida            | Tanto nas sesións expositivas como nas interactivas o profesorado propondrá algunhas situacións controvertidas co obxecto de que o alumnado debata sobre as súas implicacións desde a perspectiva da Educación Social.  |
| Glosario                      | Nalgunhas das actividades propostas durante o curso, pedirase ao alumnado que defina e explique sucintamente algúns dos conceptos chave no estudo do desenvolvemento humano.  |
| Sesión maxistral              | As sesións maxistrais desenvolveranse nas sesións expositivas con todo o grupo clase. Nelas, o profesorado presentará e explicará mediante power points os conceptos máis importantes en cada un dos contidos contemplados no temario.  |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                         | Descrición   |
|--------------------------------------|--|
| Portafolios do alumno<br>Proba mixta | Tanto a preparación do exame como a realización das actividades que se incluírán no portafolio serán obxecto de atención individualizada ao longo do curso durante as horas de tutorías. |

## Avaliación

| Metodoloxías          | Competencias / Resultados                | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|--|---|---------------|
| Portafolios do alumno | A1 A2 A4 A5 A9 A14<br>A15 B1 B4 B6 C4 C7 | En relación co portafolio valorarase:<br>- A adecuación metodolóxica das propostas de traballo.<br>- A profundidade do contido.<br>- O dominio das aplicacións empregadas na elaboración das propostas educativas.<br>- A utilización de fontes documentais complementarias e actuais.<br>- A presentación e a claridade na exposición. | 30            |
| Proba mixta           | A1 A2 A4 A5 A14 A17<br>C4                | - Nas preguntas tipo test presentarase varias alternativas de resposta onde só unha delas será a correcta. Penalizaranse aquelas respostas erróneas.<br>- Nas preguntas de resposta curta valorarase a precisión e a claridade nas respostas.<br>Trátase de amosar que se comprende e se domina o que se pregunta.                      | 70            |

## Observacións avaliación



## OPCIÓN A

Alumnado con dedicación completa: asistencia/participación nas actividades de clase igual ou superior ao 85%:

- a) Elaboración e presentación do portafolio (30%).
- b) Exame escrito (tipo proba mixta) sobre os contidos da materia (70%).

## OPCIÓN B

Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade daCoruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016):

Terá que asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e a metodoloxía de avaliación.

### OBSERVACIÓNS ADICIONAIS:

Para o alumnado que se acolla á opción A:

1. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación (dossier e proba mixta).
2. O dossier presentárase antes da data do exame oficial (para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o dossier).

Para todo o alumnado (opcións A e B):

1. A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xaneiro.
2. Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art. 21.2: Considerarase como "Non presentado" (NP) a aquel estudante que, estando matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen para o curso académico.

Así, será cualificado como "Non presentado" cando:

- a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou
- b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

### Fontes de información

|                                    |   |
|------------------------------------|---|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Delgado, B. (2008). Psicología del desarrollo. Desde la infancia a la vejez. . UNED: McGraw Hill.</li> <li>- Giménez-Dasí, M. y Mariscal, S. (2008). Psicología del desarrollo. Desde el nacimiento a la primera infancia.. UNED: McGraw Hill.</li> <li>- Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2009). Psicología del desarrollo. De la infancia a la adolescencia. México D. F.: McGraw Hill.</li> <li>- Papalia, D. E., Olds, S. W. y Feldman, R. S. (2010). Desarrollo humano. . México D. F.: McGraw Hill.</li> <li>- Santrock, J. W. (2006). Psicología del desarrollo. El ciclo vital. . Madrid: McGraw Hill.</li> </ul> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Freire, C., y Ferradás, M. M. (2016). Calidad de vida y bienestar en la vejez. Madrid: Pirámide</li> <li>- Serulnikov, A., y Suárez, R. (2001). Piaget para principiantes. Buenos Aires, Argentina: Era Naciente SRL</li> </ul>  |

### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías